



IES de Mugar dos

Rúa do Cristo s/n
15620 MUGARDOS

Tel.: 881 938 200
ies.mugar dos@edu.xunta.es

Si á convivencia no IES de Mugar dos

Como cidadáns temos dereito a que calquera comparecencia persoal ante un xulgado ou tribunal teña lugar de forma adecuada, segura e tranquila. Isto inclúe a posibilidade de achegarse a prestar declaración sen intimidacións nin aldraxes. O incumprimento resulta máis grave cando se trata de nenos ou adolescentes. A actuación do Sindicato de Estudantes de Ferrolterra consistente en convocar para o pasado venres, 13 de xaneiro, unha concentración perante os Xulgados de Ferrol ao que estaban chamadas a testificar varias menores de idade, atenta contra os máis elementais principios.

Agradecemos sinceramente a súa desconvocatoria, aínda que fose a última hora e por WhatsApp: “a fin de que baixo ningún concepto se pueda interpretar como un amparo a una posible violencia de género”. Moi ben, *excusatio non petita, accusatio manifesta*.

Malia non impedir a declaración das testemuñas, a actuación do sindicato só incrementou o sufrimento e animadversión entre as partes. Por iso, chegados a este punto, **facemos un primeiro chamamento á serenidade** para deixar que o proceso xudicial, sexa cal sexa a sentenza, conclúa coa calma necesaria. Repetimos, tranquilidade sexa cal sexa a sentenza e recursos que os actores crean convenientes no exercicio dos seus dereitos.

Entristeceunos ver como un grupo xuvenil que se proclama defensor de causas revolucionarias se unía á exposición pública, ao xuízo paralelo e á revictimización de ambas as partes. Iso senón é o que se sementa ao darlle nome propio a un dos interesados; facer pública, e ademais erroneamente, a causa da denuncia; e reducir a vontade dunha menor ao inventado capricho vingativo do pai.

Con todo, non foi unicamente a difusión do panfleto-convocatoria. O día anterior un suposto membro da organización irrompeu na cancela de entrada do instituto, sen máis identificación que un megáfono e pegatinas. Pretendeu chamarlle asemblea estudantil a unha breve arenga de insultos e ameazas, mais o único que prendeu foron faíscas de irresponsabilidade. Daquela, **facemos un segundo chamamento á cordura**. Confiamos plenamente na sensatez da comunidade educativa para deixar en simple anécdota este ataque á convivencia do centro.

Sen falsa modestia, estamos orgullosos dun instituto modélico na formación do respecto e a tolerancia. Quen coñeza o funcionamento dun centro de ensino público, sabe das horas de reunións de departamentos, xuntas de avaliación, grupos de traballo, órganos de goberno... Coñece o control da actividade en programacións, memorias, actas, protocolos, seguimento de inspección... Acepta tamén o compromiso educativo polos procedementos conciliados e os mecanismos de mediación para a resolución de conflitos.

Por se fai falta, afirmamos rotundamente que o anterior foi o que se seguiu en todo momento neste caso, co apoio dos profesionais do centro e mesmo axentes externos, sen discriminación ningunha dos alumnos implicados. É falso que haxa unha campaña racista ou que se esixise a expulsión de ninguén, nin sequera existe a figura legal de “petición voluntaria de traslado” mencionada por diferentes medios. Desmentimos, e cremos que xa abonda, que non se permitise ou contase coa presenza do pai, neste caso dun alumno ben maior de idade.

Rematamos pois **con terceiro chamamento ao traballo** de cada un de nós para seguir convertendo as aulas nun lugar de encontro coa aprendizaxe do mundo e o entendemento das persoas que o habitan. “Sobre a educación, só podo dicir que é o asunto máis importante en que nós, coma pobo, debemos involucrarnos” (Abraham Lincoln).

Equipo directivo do IES de Mugar dos